

Mércores, 15 de abril de 2020

Núm. 71

## OUTRAS ENTIDADES

### CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

#### Recadación

#### *MODIFICACIÓN DE PRAZOS DE PAGAMENTO EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS TAXAS CORRESPONDENTES AO PADRÓN SEXTO BIMESTRE DE 2019*

Pola Presidencia do Consorcio, en virtude das competencias delegadas polo Comité Directivo do Consorcio de Augas do Louro (BOPDEPO núm. 81/29-04-2019) ditase a seguinte resolución:

#### *RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA*

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DE PRAZOS DE PAGAMENTO EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS TAXAS CORRESPONDENTES AO PADRÓN E LIQUIDACIÓN POLOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO, SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, ASÍ COMO LIQUIDACIÓN DO CANON AUTÓNOMICO DA AUGA CORRESPONDENTE AO SEXTO BIMESTRE DE 2019. EXPTE: 19/2020**

En data 21/01/2020 pola Presidencia do Consorcio ditase resolución núm. 2020-0006 que na súa parte dispositiva literalmente di:

**“Primeiro.-** Aprobar o padrón e liquidación polos servizos de abastecemento, sumidoiros e depuración de augas residuais, así como liquidación do canon autonómico da auga correspondente ao SEXTO BIMESTRE de 2019.

**Segundo.-** Fixar como data de inicio do período de pagamento en tramitación voluntaria o 10 de febreiro de 2020 e a data de finalización do pagamento en tramitación voluntaria o 10 de abril de 2020.

**Terceiro.-** Publicar o contido do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

En data 29 de xaneiro de 2020, publicase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPDEPO núm. 19) anuncio relativo á “Exposición pública do padrón e cobranza en período voluntario das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais do Consorcio para a Xestión do ciclo urbano da Auga do Louro e canon da auga da Xunta de Galicia correspondentes ao sexto bimestre de 2019”.

Considerando o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de 2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Considerando o Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo de 2020, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: N010OYTPM5P1PWHN



Mércores, 15 de abril de 2020

Núm. 71

Considerando o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo 2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Considerando que, en concordancia co anterior, en data do 27.03.2020 ditase Resolución da Presidencia núm. 2020-0046, relativa á modificación de calendario fiscal 2020 e medidas extraordinarias en materia tributaria tras a declaración do estado de alarma como consecuencia do virus covid-19, pola que se resolve, entre outros, o seguinte:

**“Primeiro.-** A ampliación automática do período voluntario de pago de todas as liquidacións emitidas e notificadas cuxo prazo en período voluntario se amplía ao 30 de abril. Este prazo é susceptible de ampliación no caso de prórroga do estado de alarma. Elo conlevará a rexeneración automática de todas as cartas de pago emitidas con nova data de vencemento de 30 de abril, conforme ao disposto no artigo 33 do RDLei 8/2020.

**Segundo.-** A suspensión da emisión de notificacións mentres dure o estado de alarma.

**Terceiro.-** A modificación do calendario fiscal do exercicio 2020 aprobado por resolución da presidencia de data 14 de xaneiro de 2020 (resolución nº 2020-001) e publicado no BOP nº 19 de data 29/01/2020, de xeito que quede nos seguintes prazos en período voluntario así como a data de cargo en conta:

TAXAS E P.P.	DATA INICIO	DATA FIN	DATA CARGO CONTA(1)
6º BIMESTRE 2019	10/02/2020	30/04/2020	30/04/2020
1º BIMESTRE 2020	10/06/2020	10/08/2020	13/07/2020
2º BIMESTRE 2020	10/07/2020	10/09/2020	14/08/2020
3º BIMESTRE 2020	10/08/2020	10/10/2020	14/09/2020
4º BIMESTRE 2020	10/10/2020	10/12/2020	09/11/2020
5º BIMESTRE 2020	10/12/2020	12/02/2021	11/01/2021

De acordo co anterior, visto o informe-proposta emitido en data 02.04.2020 pola Xerencia do Consorcio, e de conformidade coas competencias exercidas por delegación, e demais que lle atribúe o artigo 21 dos estatutos do Consorcio, esta presidencia,

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Deixar sen efectos o contido do punto segundo da resolución de presidencia do 21/01/2020 referido á data de fin de pagamento en tramitación voluntaria do padrón do 6º bimestre de 2019.

**Segundo.-** Fixar como data de fin do período de pagamento en tramitación voluntaria do padrón do SEXTO BIMESTRE de 2019 o día 30 de abril de 2020.

**Terceiro.-** Publicar o contido do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

